



## RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2009

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

### 1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolle a benvinda aos novos membros do Consello de Goberno. Igualmente, o Sr. Reitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno do cesamento, por petición propia, do Sr. Xerente, Manuel Galdo Pérez, como consecuencia do seu nomeamento como director xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia. O Sr. Reitor, logo de lle agradecer expresamente ao Sr. Galdo Pérez o seu excelente labor á fronte da Xerencia da Universidade da Coruña e desexarlle o mellor nesta nova etapa da súa vida profesional, infórmalles aos membros do Consello de Goberno de que as funcións da Xerencia foron encomendadas a dona María Jesús Grela Barreiro, Sra. Vicerreiteira do Campus da Coruña. A continuación o Sr. Reitor dá conta dos temas tratados nas sesións da Conferencia de Rectores de Universidades Españolas (CRUE) do día 24 de maio, do Consejo de Universidades do día 1 de xuño, do Consello Galego de Universidades do día 29 de maio, que tivo como un dos seus puntos da orde do día o Grao en Ciencias Empresarias da Universidade da Coruña, e do Consello Social da Universidade da Coruña do día 4 de xuño. Igualmente, informa da sinatura do III Convenio colectivo do persoal laboral da Universidade da Coruña o día 10 de xuño de 2009. E remata a súa intervención felicitando o Concello da Coruña pola designación da Torre de Hércules como ben cultural patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreiteira de Organización Académica e Titulacións, quen informa de que xa hai dous graos que tiveron a aprobación do Consejo de Universidades, que se recibiron os informes definitivos da Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA) para os graos de Economía, ADE, Turismo, Logopedia, Educación Infantil e Educación Primaria e, por último, que se recibirán os informes definitivos dos restantes graos en breve. Tamén lles dá conta aos membros do Consello de Goberno dos mestrados novos que recibiron o informe provisional da ANECA, que informará definitivamente logo da fase de alegacións en que se está neste momento. A Sra. Vicerreiteira igualmente sinala que na páxina web da CIUG aparecen publicados os valores de ponderación das materias da fase específica para admisión a estudos universitarios de graos do Sistema Universitario Galego (SUG), en que se pode apreciar como a partir do vindeiro curso vai mudar o acceso á



universidade, en particular as probas de selectividade, e tamén como se ponderan as materias de bacharelato para os diferentes graos. Remata a súa intervención indicando que xa está preparada a normativa de xestión académica para o curso académico 2009/2010, que incorpora novas instrucións sobre graos e mestrados e que se será enviada aos centros, sen prexuízo de que tamén apareza na páxina web da nosa universidade para que estea a disposición de toda a comunidade universitaria.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa aos membros sobre a situación actual en materia de convocatorias públicas sobre investigación, sinalando a respecto dos programas de recursos humanos que aínda non se ten información sobre a convocatoria deste ano. Toma a palabra o Sr. Delgado Martín para interesarse polo número de prazas que lle poden corresponder á Universidade da Coruña, ao que a Sra. Vicerreitora lle responde que tampouco ten información sobre este apartado, aínda que o número acostuma ser o resultado dun procedemento en que a Administración convocante fixa o número atendendo ás solicitudes que lle chegan logo de requirimento.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen informa da situación actual das bolsas propias da Universidade da Coruña, facendo un percorrido comparativo entre o pasado ano e o presente. Tendo en conta isto, sinala que o número total das bolsas de colaboración en departamentos e en tarefas bibliográficas non mudou, mais houbo algunhas variacións que pasa a explicar. Adxudicáronse 82 bolsas de colaboración en departamentos (foran 81 bolsas o ano pasado), adxudicáronse 110 bolsas de colaboración en tarefas bibliográficas (foran 107 o ano pasado), as bolsas de colaboración en Aulas Net mantivéronse en igual número (un total de 46), as bolsas para centros descenderon en 3 (de 12 bolsas o ano pasado pasan a ser 9 este ano), mentres que as de colaboración en servizos foron 4 máis este ano a respecto do pasado ano (das 34 bolsas do ano pasado pasouse a 38 este ano). Explica tamén a Sra. Vicerreitora que non se detectaron disfuncións na aplicación do Regulamento. Logo de informar sobre esta materia, dálles conta aos membros do Consello de Goberno de que a data límite para a presentación das solicitudes das bolsas do Ministerio de Educación é o día 30 de setembro e que poden ser solicitadas aínda que non se teña formalizada matrícula. Este é un cambio moi importante respecto de anos anteriores, por esta razón solicítalles aos membros do Consello de Goberno que colaboren na difusión desta información, independentemente das medidas que xa se están a adoptar para que o estudiantado estea informado. Igualmente, informa de que, por petición de estudantes interesados, a partir do próximo curso as persoas alérxicas ao glute poderán dispoñer dun xantar adecuado no comedor da cafetería da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. Aproveita para agradecer aos membros da Asociación de Celíacos de Galicia e á responsable da cafetería a súa dispoñibilidade e a súa



colaboración. Lembra tamén a posibilidade que hai a partir desta convocatoria de xuño de enviar as cualificacións provisionais polo sistema do servizo de mensaxes curtas (*Short Messages Standard* ou SMS). E remata a súa intervención informando da apertura da Facultade de Informática o día 7 de xuño, como aula de estudo, por ser o Edificio Xoana Capdevielle sede dun colexio electoral e agradécelle ao Sr. Decano a súa colaboración tras lembrar que utilizaron as instalacións uns 250 estudantes e lembra que a Universidade da Coruña ten asinado un convenio coa delegación do *British Council* de Bilbao para a realización de dúas sesións (unha en xuño e outra en decembro) do IELTS con sede da Facultade de Filoloxía.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións de expedientes e da validación de expedientes correspondentes ao ano 2009 que figura no [anexo II](#).

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicexerente da Coruña, quen informa de cuestións relacionadas co persoal de administración e de servizos. Sinala que se executou, ao 100%, a RPT do ano 2005 no que se refire ao PAS funcionario, dado que están rematados os procesos selectivos de concurso-oposición de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos (A1), do -concurso de méritos da escala de arquivos, bibliotecas e museos (C1) e do concurso-oposición de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos (C1). No que respecta ao PAS laboral, logo da sinatura do III Convenio colectivo, que contou co apoio unánime de todas as centrais sindicais presentes no Comité de Empresa, adquiriuse o compromiso de comezar a publicar todas as convocatorias de concurso-oposición para executar a RPT vixente. Remata a súa intervención informando da inminente convocatoria dun concurso de traslados, que se resolverá con carácter previo á resolución destas convocatorias, debido a baixas e/ou xubilacións que se produciron desde a última convocatoria.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno do proceso de eleccións dos membros das comisión delegadas do Consello de Goberno e das candidaturas formalmente presentadas e proclamadas, sinalando que, por aplicación do artigo 20 do Regulamento deste propio Consello de Goberno, só se procederá á realización de votacións no caso concreto da Comisión de Organización Académica e Profesorado, no ámbito concreto das ciencias experimentais polo sector do profesorado, pois hai dúas candidaturas (as do Sr. Naveira Fachal e da Sra. Manso Revilla) para cubrir un único posto.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Portela Fernández, quen centra a súa intervención en toda unha serie de materias que afectan directamente o persoal de administración e servizos laboral. Trata, en primeiro lugar, o tema da execución



da relación de postos de traballo (RPT) do ano 2005, pois non se convocou ningunha praza. En segundo lugar, pon de manifesto que é un colectivo que aparece disperso no seu organigrama, pois os postos de dirección están desempeñados por persoal docente e investigador e moitos dos postos base por persoas titulares de bolsas, cuxo regulamento se esta a incumprir, dado que as bolsas perden o seu carácter formativo desde o momento en que son empregadas para cubrir postos de traballo. E por último, incide na externalización de moitos servizos propios da Universidade da Coruña, que poderían ser realizados polo persoal de administración e servizos laboral da nosa universidade. Por todo isto, remata a súa intervención solicitando que se adopten medidas para solucionar esta situación, que determina que o colectivo a que representa sexa marxinal e estea marxinado e que se vexa na obriga de ter que acudir aos tribunais para solucionar xudicialmente os problemas que padecen. En resposta, o Sr. Reitor agrádelle a súa intervención e que traia estes temas á sesión do Consello de Goberno, que foron tratados nunha reunión en días pasados cos membros da Xunta do Persoal de Administración e Servizos e do Comité de Empresa do Persoal de Administración e Servizos laboral, precisamente coa finalidade de evitar que situacións como as descritas anteriormente teñan que xudicializarse, na medida en que a xudicialización non é a mellor ferramenta para tales efectos. E tamén intervén a Sra. Vicexerente da Coruña, quen reconece a importancia do colectivo en cuestión, por esta razón puxéronse en marcha, no seu día, tanto os procesos selectivos como o proceso de funcionarización, que non puideron ser culminados por causa de problemas internos do Comité de Empresa do persoal de administración e servizos, aínda que, en todo caso, logo de se asinar o III Convenio colectivo deste persoal laboral, está pactado un calendario para a execución da RPT e para a convocatoria pública de procesos selectivos. Remata a súa intervención centrándose en cuestións relacionadas co tema das bolsas, previsto no plano estratéxico da Universidade da Coruña, que foi un dos puntos que foron tratados na reunión que se mantivo cos membros da Xunta do Persoal de Administracións e Servizos e cos membros do Comité de Empresa, a respecto do que se adoptaron unha serie de acordos para garantir a finalidade formativa das bolsas.

Logo de se indicar que este punto da orde do día, sobre informe do reitor, non debería empregarse para unha quenda aberta de intervencións, dado que xa existe un punto específico para tales efectos, o Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. González Martínez, quen afirma que é a primeira vez que se executa totalmente a RPT do persoal de administración e servizos funcionario, que non é de recibo a situación de precariedade e interinidade do persoal de administración e servizos laboral e por esta razón considera bo que xa se teña posto en marcha o proceso de execución da súa RPT, e por último, que hai que estar ao acordado en materia de bolsas na reunión a que antes fixeron mención o Sr. Reitor e a Sra. Vicexerente da Coruña.



## **2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 12 de maio de 2009**

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do 12 de maio de 2009, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral informa os membros do Consello dos 88 convenios que figuran no [anexo III](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (5), convenios específicos (14) e convenios para prácticas (69) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

## **4. Normativa da dobre titulación de Grao en Dereito e Administración e Dirección de Empresas**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen explica a Normativa da dobre titulación de Grao en Dereito e Administración e Dirección de Empresas, que figura no [anexo IV](#), que realmente debería chamarse normativa sobre simultaneidade de estudos de grao. Trátase dunha normativa que trae causa da experiencia positiva do estudo conxunto destas dúas titulacións no pasado e da necesidade de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Rego Veiga e a Sra. González Martínez,

Co voto en contra da Sra. González Martínez e coa abstención do Sr. Fernández López, apróbase a normativa sobre simultaneidade dos estudos de Grao en Dereito e Administración e Dirección de Empresas que figura no citado anexo.

## **5. Proposta de denominación de graos por transformacións de titulacións actuais**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen dá conta da proposta de denominación de graos por transformacións de titulacións actuais que figura como [anexo V](#).



Logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Saiz Jabardo, o Sr. Delgado Martín e o Sr. Valderruten Vidal, apróbase, por asentimento, as propostas de denominación de graos por transformacións de titulacións actuais que figuran no [anexo VI](#).

## **6. Proposta de mestrados universitarios para o curso 2010-2011**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de mestrados universitarios para o curso 2010-2011 que figura no [anexo VII](#).

Logo dunha quenda de intervencións en que participan o Sr. Dopico Calvo, e o Sr. Delgado Martín, apróbase por asentimento a proposta de mestrados universitarios para o curso 2010-2011 que figura no citado anexo.

## **7. Prazas de profesorado**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dálles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de convocatoria de prazas que trae causa das necesidades evidenciadas na elaboración dos novos planos de organización docente (POD), que é a que figura no [anexo VIII](#). Trátase dunha proposta que conta cos informes favorables da mesa sindical e da Comisión de Organización Académica e Docente (COAP).

Logo dunha quenda de intervencións en que participa a Sra. Manso Revilla, apróbase por asentimento a convocatoria de prazas POD que figura no mencionado anexo. Como consecuencia da aprobación desta convocatoria de prazas, o Sr. Vicerreitor somete á consideración dos membros do Consello de Goberno a posibilidade de aprobar a proposta de tribunal dunha das prazas aprobadas anteriormente, concretamente a praza de titular de universidade da Área de Fisioloxía Vexetal do Departamento de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía. A proposta de tribunal apróbase por asentimento nas condicións que figuran no [anexo IX](#).

Por último, o Sr. Vicerreitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno da convocatoria de prazas de mestrados que figura no **anexo X**. Logo dunha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Delgado Martín apróbase por asentimento a proposta a convocatoria de prazas de mestrado que figura no citado [anexo X](#).

## **8. Comisión de servizos**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da solicitude presentada no seu día para a concesión dunha comisión de servizos que figura no [anexo XI](#), que foi informada favorablemente, pendente da súa ratificación polo Consello de Goberno dada a súa urxencia e os razóns que fundamentaban, apróbase por asentimento a ratificación do informe en cuestión.

## **9. Licenzas e permisos**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da solicitude presentada para os efectos de concesión de licenza que figura no [anexo XII](#), apróbase por asentimento a solicitude en cuestión.

## **10. Cambio de dedicación**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta das propostas de cambio de dedicación que figuran no [anexo XIII](#), apróbase por asentimento a relación de solicitudes en cuestión.

## **11. Cambio de área**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da solicitude de cambio de área que figura no [anexo XIV](#), apróbase por asentimento a solicitude en cuestión.

## **12. Programa de promoción para persoal docente e investigador acreditado**

Segundo o que está establecido na Normativa pola que se regula o programa de promoción para o persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, o Sr. Vicerreitor de Profesorado sinala que cada ano o Consello de Goberno debe aprobar a dotación dun certo número de prazas para promoción do persoal docente e investigador, establecéndose para tales efectos dúas convocatorias. En cada convocatoria débese fixar o número de prazas de promoción por modalidade, distribuídas por ámbito científico en función do número de profesores que reúnan os requisitos para poderen optar á promoción, por esta razón, o Sr. Vicerreitor propón para esta convocatoria dúas prazas de catedrático de universidade e dúas prazas de profesor titular por rama de coñecemento.

A proposta en cuestión apróbase por asentimento.



### **13. Renovación da Comisión de Igualdade**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación, en que dá conta da listaxe de membros que figura no [anexo XV](#) para proceder a renovar a Comisión de Igualdade, apróbase por asentimento que a composición desta comisión sexa a que figura no citado anexo.

### **14. Renovación das comisións delegadas do Consello de Goberno**

Logo das explicacións do Sr. Secretario Xeral no punto de *Informe do Reitor* da orde do día desta sesión do Consello de Goberno e da votación realizada no caso da Comisión de Organización Académica e Profesorado no ámbito concreto das ciencias experimentais polo sector do profesorado (onde había dúas candidaturas para cubrir un único posto), a composición das comisións delegadas do Consello de Goberno queda tal e como figura no [anexo XVI](#).

### **15. Resolución da impugnación dun acordo de Xunta de Escola da Escola Universitaria Politécnica**

Logo das intervencións do Sr. Reitor e do Sr. Secretario Xeral e do informe da Asesoría Xurídica da Universidade da Coruña, acórdase por asentimento resolver a impugnación dun acordo de Xunta de Escola da Escola Universitaria Politécnica nos termos que figuran no [anexo XVII](#).

### **16. Quenda aberta de intervencións**

Toma a palabra o Sr. Fernández López, que comeza a súa intervención realizando unha serie de consideracións en materia de bolsas propias da Universidade. Considera moi positivo que se recoñeza que en ocasións hai problemas co carácter formativo das bolsas, pois isto permite erradicar as eivas que poidan existir cando as bolsas son empregadas para cubrir postos de traballo, que foi un dos temas tratados na reunión a que fixeron mencións tanto o Sr. Reitor como a Sra. Vicexerente do Campus da Coruña. Di que hai problemas de xestión na tramitación burocrática das bolsas, que se poderían solucionar limitando o número de convocatorias ao ano sobre a base da elaboración dun calendario de convocatorias. E por último, sempre en relación con este asunto, ve necesario incidir no tema das horas das bolsas e a compensación económica que teñen dereito a percibir as persoas titulares das bolsas. A continuación trata o tema da privatización de certos servizos de telefonía, que provocou desagrado como ben sabe o Sr. Reitor porque así se lle comunicou. Coida que a idea de establecer un punto de información telefónica era moi boa, pero a súa posta en práctica non, pois a información podía ser proporcionada por persoal propio da Universidade da Coruña. Por iso, considera que en edicións posteriores este servizo de





información só debe ser atendido por persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, que está sobradamente capacitado para tales efectos. E remata a súa intervención falando da RPT do persoal funcionario de administración e servizos, que foi executada na súa totalidade por causa de que todas as partes implicadas se esforzaron para tal fin, cedendo en moitas ocasións para a consecución dese obxectivo, por esta razón espera e desexa que a execución da RPT do persoal laboral de administración e servizos se realice de igual modo e con toda normalidade e naturalidade. En resposta, o Sr. Reitor remítese aos acordos adoptados cos membros dos órganos de representación do persoal de administración e servizos precisamente en todas as cuestións apuntadas polo Sr. Fernández López. E tamén intervén a Sra. Vicexerente do Campus da Coruña para indicar que xa comeza a están abertas as convocatorias de procesos selectivos, a través das que se vai ir executando a RPT.

Toma a palabra a Sra. Traba Pérez, que comeza a súa intervención solicitando a retirada das liñas de alta tensión que están pegadas á Facultade de Filoloxía. Logo, dálles conta aos membros do Consello de Goberno da reunión que mantivo co Sr. Vázquez Fornos, director da Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña, centro adscrito á nosa Universidade, para tratar unha serie de cuestións relacionadas coa pésima situación do estudantado do seu centro en materia docente e de uso das instalacións deste centro. Considera que o resultado da reunión non foi nada positivo, tendo en conta que o director do centro non asumía as súas responsabilidades e culpaba da situación á Universidade da Coruña, por esta razón quere saber que papel ten a nosa universidade a respecto deste centro adscrito. E por último, comunica que vai solicitar unha reunión co Sr. Reitor e coas persoas responsables das Vicerreitorías de Estudantes e Relacións Internacionais e de Comunicación e Cultura. En resposta, o Sr. Reitor sinalalle que a Universidade da Coruña non ten ningún control, e nin pode exercelo, sobre a citada escola, pois trátase dun centro adscrito que non depende da nosa universidade, senón dunha fundación de que a Universidade da Coruña non forma parte. As relacións con este centro son a través da formalización de convenios, onde se acostuma incluír cuestións académicas ou relacionadas coa docencia, como é o tema das venias docentes. En calquera caso, o Sr. Reitor entende que a situación a que fixo mención a Sra. Traba Pérez debería rematar coa implantación do grao necesariamente, tendo presentes os criterios de calidade que deben reunir todos os centros, sexan propios ou adscritos.

Toma a palabra o Sr. Soto Mariño, quen se interesa pola mellora dos prazos establecidos actualmente pola normativa para realizar as probas na convocatoria de decembro, a que lle responde a Sra. Vicerreitora de Organización Académica que os prazos non se poden cambiar moito máis no calendario de matrículas e que os actualmente establecidos traen causa de necesidades internas de organización dos centros.

Toma a palabra o Sr. Portela Fernández, quen introduce de novo o tema das bolsas para poñer de relevo unha serie de cuestións acerca de como deberían convocarse de conformidade coa súa normativa reguladora e cos acordos adoptados na reunión a que fixo mención antes o Sr. Reitor. En primeiro lugar, todas as bolsas se deberían axustar ao que está establecido para tales efectos no regulamento de bolsas, debéndose proceder á anulación das bolsas que non se axusten. E en segundo lugar, deberían ser estudadas todas as situacións existentes con defectos para evitar que se reproduzan, especialmente naqueles casos onde as bolsas foron empregadas para ocupar postos de traballo. Remata a súa intervención o Sr. Portela Fernández tratando o tema do impacto negativo do Plano Labora no colectivo do persoal laboral de administración e servizos e o tema da execución da RPT, precisamente deste último colectivo, indicando que se debería estabilizar a situación da Xerencia, que se debería reforzar a Xerencia con máis medios e que a execución se realice da forma máis rápida posible, que é algo que entende que non se fixo desde a Xerencia. En resposta, a Sra. Vicexerente do Campus da Coruña sinala que, como xa indicou no primeiro punto da orde do día desta sesión, xa está en marcha o proceso de execución da RPT coa convocatoria dos procesos selectivos.

Toma a palabra o Sr. Delgado Martín para interesarse por certas obras e infraestruturas da Universidade da Coruña tales como as relativas á ampliación do CITEEC, que levan un atraso considerable que pode complicar o remate da data fixada. Considera que nas sesións do Consello de Goberno se debería informar permanentemente das obras que se están a facer e da súa fase de materialización, que é algo que non se dá. Remata a súa intervención preguntando pola dirección da Oficina de Cooperación e Voluntario (OCV), que está vacante. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica indícalle que o proxecto de reformas do CITEEC padeceu de certos problemas coa empresa construtora na súa execución e que determinaron certos cambios polo seu impacto económico, por esta razón as obras tiveron atraso na súa materialización. Tamén intervén o Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación para indicarlle que é plenamente consciente de vacante na dirección da OCV, cuxa xestión asume directamente o propio Sr. Vicerreitor mentres non se proceda a nomear unha persoa encargada da dirección, que se está a buscar desde que se produciu a vacante.

Toma a palabra a Sra. López Poza para interesarse pola solicitude de ano sabático do Sr. Paz Gago, a que lle responde o Sr. Vicerreitor de Profesorado que a COAP non a concedeu por non se reuniren os requisitos formais temporais establecidos para tales efectos, que foi o mesmo que sucedeu con outras dúas solicitudes tamén presentadas fóra de prazo.



Toma a palabra o Sr. Nogueira López, quen, logo de recoñecer o pulo e o esforzo da Universidade da Coruña para adaptar as súas titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior, manifesta que as convocatorias e reunións de traballo deberían ser máis, pois considera que son insuficientes. O Sr. Nogueira López tamén aproveita esta quenda para falar da conversión ou transformación da titulación impartida no seu centro, que non é igual que noutros centros de España, en que se formalizan acordos específicos para permitir que os estudantes das titulacións vellas poidan acadar o grao e para permitir igualmente a incorporación de profesionais xa titulados ao cuarto ano do grao, cuxa presenza é realmente importante e non debería descoidarse. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións dille que sobre tales asuntos se está a informar nas reunións que se manteñen coas persoas responsables do centros, especialmente todo o relativo ao acceso ao cuarto ano do grao e queda claro, en todas elas, que as titulacións que implantaron o cuarto ano o fixeron voluntariamente, indicando nas memorias que deberían entregar para tales efectos o proceso de acceso ao cuarto ano do grao. En relación cos estudantes das titulacións vellas, indícalle que poden pasar ao grao, pois así está recollido legalmente, sen prexuízo de salientar que, desde o punto de vista legal, a validez das titulacións vellas segue a estar recoñecida na súa totalidade. Sobre esta última cuestión tamén incide o Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen alerta dos perigos de trasladar a idea de que as diplomaturas, como titulacións do sistema anterior, xa non serven, pois é totalmente falso. Tamén intervén o Sr. Fernández Cervantes, que informa duns acordos estatais sobre as titulacións que se imparten no seu centro, en virtude dos que se pide que as universidades permitan a adaptación das vellas titulacións ás novas que teñan novas atribucións profesionais. En resposta, tanto o Sr. Reitor como o Sr. Vicerreitor de Profesorado sinalanlle que se trata dunha cuestión que excede do ámbito competencial das universidades, dado que é un tema de Estado, que debe tratar cos colexios profesionais correspondentes.

Toma a palabra o Sr. Castrillo Neira, quen considera que a renovación das comisións delegadas se fixo con moito atraso, tendo en conta a data de eleccións do estudantado. Tamén quere saber cal é a situación do Club Universitario que hai no dique de abrigo. En relación co primeiro tema, o Sr. Secretario Xeral indícalle que a renovación das comisións delegadas se fixo cando se puido, que foi precisamente cando o Consello de Goberno estaba renovado na súa composición. E a respecto da segunda cuestión, o Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación indícalle que o Club Universitario, denominado agora Aula Náutica Universitaria, está sendo obxecto dunha reforma estrutural, que se está a executar segundo o convenio formalizado para tales efectos con Caixa Galicia.

Toma a palabra a Sra. Manso Revilla, quen se interesa pola recepción directa dos borradores das actas das sesións do Consello de Goberno a través do correo



electrónico. En resposta, o Sr. Secretario Xeral indícalle que se trata dunha cuestión sobre a que xa ten falado en sesións anteriores do Consello de Goberno e doutros órganos colexiados da Universidade da Coruña, en que se puxo de manifesto que os membros do Consello de Goberno teñen garantida a lectura dos borradores das actas nas secretarías dos seus propios centros, que é onde deben estar para a súa custodia.

Toma a palabra a Sra. González Martínez, quen se interesa pola impartición do Programa Oficial de Posgrao Interuniversitario en Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega e solicita que as tarefas da Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade non se realicen a través de bolsas. En relación coa primeira cuestión, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións indícalle que non se van ofertas novas prazas para este curso académico, pero obviamente vaise manter o programa para as persoas que xa están matriculadas para garantir a posibilidade de que obteñan o título. Sobre esta mesma cuestión intervén a Sra. López Fernández para que se reflexione sobre a natureza deste tipo de titulacións, de como foron implantadas e de como foron coordinadas, pois neste caso concreto a decisión de non seguir con edicións posteriores foi tomada por unha das persoas responsables de coordinación dunha das universidades. Remata o Sr. Reitor indicándolle que se tratan de programas cuxa regulación tamén se encontra en normas internas de cada universidade, que poden esixir certos requisitos en materia de número mínimo de persoas matriculadas e financiamento.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 horas.